



Fran Herbello. Sen título. 2005

III.

Muller branca sobre fondo negro.

Imaxino centos de cabalos  
a correr dentro de ti.  
Sangue que ferve  
caricia amputada que non se detén.

Gacela de Milo,  
non vou xustificar a túa nudez  
nin a rotundidade dos teus peitos  
que me pregunto se tamén ermos.

Sóprame nos ollos sobre fondo negro  
sóprame e dime se tamén perna queimada.

Non vou xustificar a túa decapitación  
nin ese silencioso ton elocuente.

Centos de cabalos a correr dentro de nós.

A túa clavícula para o meu vestido novo.

**Miriam Ferradáns**